

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 2 de agosto de 2004 pola que se regula a transferencia de material vexetal de reprodución do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán aos viveiros forestais interesados para a instalación de bancos clonais ou hortos sementeiros.

O Decreto 106/2004, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, dispón no seu artigo 1 que a Consellería de Medio Ambiente e o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.10º, 11º, 15º e 30º e 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación.

Para o desenvolvemento das anteriores competencias e particularmente para a promoción do desenvolvemento sustentable a través do impulso da investigación científico-técnica vinculada ao campo forestal, conta co Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, baixo a dependencia orgánica e funcional do Centro de Desenvolvemento Sustentable, tal e como establece o artigo 8.3º 1 do Decreto 106/2004, do 27 de maio.

Dada a longa tradición do CIFA Lourizán no campo da mellora xenética forestal e, en concreto, no campo da selección de variedades, o centro dispón de abundante material vexetal susceptible de ser transferida aos viveiros galegos e así colaborar coa mellora da produción de madeira de numerosas especies e tamén de froitos no caso do castiñeiro e nogueira. O fomento do uso destes materiais contribuirá á conservación da diversidade xenética de especies autóctonas como o teixo, das variedades tradicionais do castiñeiro ou de frondosas de presenza pouco frecuente no bosque autóctono. Tamén contribuirá a fomentar a diversidade xenética de novas plantacións de especies exóticas.

En virtude do exposto no Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, que recolle que as funcións sociais, económicas, ambientais, ecolóxicas e culturais dos montes precisan que, para a súa xestión sustentable e para a mellora e conservación dos recursos xenéticos forestais, os materiais forestais de reprodución das especies e híbridos que se usen na silvicultura sexan fenotípica e xeneticamente de alta calidade, así como adecuados ás condicións do medio no que se empreguen.

O conselleiro de Medio Ambiente, coñecedor da demanda existente de material vexetal de reprodución, e tendo no Centro de Investigacións Forestais de Lourizán materiais xenéticos con que atender a dita demanda, en virtude do anterior y en uso das

atribucións que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/1989, do 4 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde achegar ao sector forestal os avances da investigación, mediante a transferencia aos viveiristas interesados, de material forestal de reprodución para a instalación de bancos clonais e hortos sementeiros, para a obtención de material forestal de reprodución, clons ou mestura de clons e sementes respectivamente.

Artigo 2º.-Material que se transferirá.

1. O Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán transferirá segundo oferta publica anual da Consellería de Medio Ambiente, os esgallos, púas ou explantos para micropropagación de diferentes especies arbóreas procedentes das coleccións existentes no centro.

2. O material forestal que se transferirá corresponderá á categoría de cualificado ou controlado conforme o disposto no artigo 2 do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, ou ben encontrarse en vías de aprobación nestas categorías para as especies reguladas polo dito real decreto que se detallan a continuación:

-*Castanea sativa mill*

-Híbridos artificiais de *Castanea spp.*

-*Juglans regia L.*

-*Prunus avium L.*

-*Quercus rubra L.*

-*Pseudotsuga menziensis D. Don*

-*Pinus radiata D. Don*

-*Pinus pinaster Ait.*

-*Taxus baccata L.*

3. Os materiais de reprodución das especies forestais que non están reguladas polo Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, deberán satisfacer esixencias equivalentes ás dos materiais de base cualificados e controlados.

-*Sequoia sempervirens D. Don*

-*Thuja plicata Donn.*

Tamén se transferirán variedades tradicionais de *Castanea sativa* seleccionadas exclusivamente para a produción de castaña, así como os porta enxertos, cuxa comercialización non está regulada polo Real decreto 289/2003.

4. Os esgallos, púas ou explantos para micropropagación transferidas polo CIFA de Lourizán entregaranse etiquetados co código de identificación do clon que debe ser conservado en todos os procesos

de propagación e venda, independentemente das outras etiquetas exixidas para a súa comercialización.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios deste material aqueles viveiristas forestais inscritos no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais e outros produtos previsto no artigo 12 do Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, que así o soliciten en prazo e pola vía que se determine na oferta anual da consellería.

Artigo 4º.-Prazos.

1. No mes de setembro abrirase anualmente e mediante resolución para o efecto publicada no *Diario Oficial de Galicia*, unha oferta pública de material que se transferirá na que se especificará o prazo de presentación de solicitudes que, en ningún caso, será inferior a 40 días naturais. Estas solicitudes presentaranse na Consellería de Medio Ambiente ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán presentarse en impreso normalizado, utilizando o modelo adxunto a esta orde (anexo I). A resolución da concesión ou denegación do obxecto da solicitude será notificado aos interesados durante o mes de decembro. No caso de que a solicitude non reúna os requisitos sinalados, requirirase ao interesado para que nun prazo de dez días, emende a falta o acompañe os documentos preceptivos, tal como dispón o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, con indicación de que se así non o fixese, teráselle desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O prazo máximo para resolver será de 3 meses desde a presentación da solicitude. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude nos termos previstos no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da obriga legal de resolver.

A dita resolución será notificada a cada un dos solicitantes, dentro dos 10 días seguintes á toma do acordo. Contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á recepción da notificación de resolución, ou en prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo ou ben, ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous

meses se a resolución fose expresa ou seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, de acordo co disposto nos artigos 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e o artigo 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, que regula a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 5º.-Obrigas.

I. A Consellería de Medio Ambiente a través do CIFA Lourizán comprométese a:

1º Entregar correctamente etiquetado o material de reprodución procedente dos bancos clonais do centro, segundo o modelo detallado no anexo II desta orde.

2º Facilitar de acordo coa demanda de cada viveiro, fichas descritivas das características do material xunto cunha serie de normas técnicas e recomendacións para a disposición e cuidados necesarios das plantas no banco clonal de plantas nai ou do horto sementeiro.

II. O viveiro interesado comprométese a:

1º Empregar o material que se entregue para a creación dun banco clonal ou horto sementeiro como material de base para a produción de material forestal de reprodución.

2º Para as especies reguladas no Real decreto 289/2003, do 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, os viveiristas deberán solicitar e obter a autorización do banco clonal ou horto sementeiro como material de base á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, tal como se regula no Decreto 135/2004, polo que se crea o Rexistro Galego de Material de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.

3º Cumprir as exixencias legais na creación do banco clonal ou horto sementeiro en cuanto a condicións de distribución de clons no terreo, requisitos de identificación dos clons e control fitosanitario, que se especificarán no convenio que asinarán as partes.

4º Coidar o cumprimento de identificación e etiquetaxe indefinidamente do material clonal transferido así como as plantas comerciais ou sementes que delas se obteñan etiquetas emitidas anualmente polo CIFA Lourizán.

5º Presentar ao CIFA Lourizán a finais de cada ano sucesivo, unha táboa de resultados de prendemento, localización das plantas nai obtidas, o bosque de colocación, segundo os modelos oficiais que se facilitarán no convenio que asinarán os interesados. No caso de ampliación do números de ortets por clon ou calquera outra modificación deberá ser notificada ao centro.

6º Informar do número de plantas comerciais ou sementes obtidas anualmente, solicitar as etiquetas ao CIFA Lourizán e comercializar as plantas coa

etiqueta proporcionada ademais das outras legalmente exixidas.

Artigo 6º.-Seguimento.

1. O CIFA Lourizán resérvase o dereito de inspección dos bancos clonais instalados co material vexetal transferido.

2. O incumprimento dalgunha das obrigas previstas na orde será causa suficiente para iniciar o procedemento correspondente para derivar as respon-

sabilidades pertinentes e exixir, se é o caso, a devolución do material forestal transferido ao viveirista.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2004.

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDIMENTO TRANSFERENCIA DE MATERIAL VEXETAL DE REPRODUCCIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS FORESTAIS E AMBIENTAIS DE LOURIZÁN A VIVEIROS FORESTAIS INTERESADOS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MA403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO VIVEIRO

Nº REGISTRO DO VIVEIRO	DENOMINACIÓN DO VIVEIRO	
NOME DO REPRESENTANTE LEGAL		TELÉFONO

SOLICITUD



<i>ESPECIE</i>	<i>CLON</i>	<i>CANTIDADE</i>
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 2 de agosto de 2004 pola que se regula a transferencia de material vexetal de reprodución do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán aos viveiros forestais interesados para a instalación de bancos clonais ou hortos sementeiros.</i>
SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DO VIVEIRO _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

ANEXO II

MODELO DE ETIQUETA

<i>Especie</i> CODIGO CLON CODIGO ARBORE	Nº identificación puga colección de orixe	CIFA LOURIZÁN	
<i>Castiñeiro híbrido</i> CHR-149 A125C149	Nº 3/180 colección Lourizán	CIFA LOURIZÁN	

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA

Orde do 6 de agosto de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2004 a concesión de subvencións ás empresas titulares de servizos de transporte público regular permanente de viaxeiros por estrada de uso xeral da competencia exclusiva da Xunta de Galicia, para a instalación de sistemas de cancelación e tratamento da información a bordo dos vehículos.

A Xunta de Galicia considera conveniente, e mesmo necesaria, a implantación de novos medios de seguimento dos servizos de transporte público regular permanente de viaxeiros por estrada de uso xeral, que en liña con establecido por outras administracións públicas con competencias na materia, garantan un mellor coñecemento das necesidades dos usuarios e das posibilidades do sistema de transporte.

Así, xa a Orde FOM/3398/2002, do 20 de decembro, pola que se establecen normas de control en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada, estableceu que os titulares de concesións ou autorizacións administrativas de transporte público regular por estrada de uso xeral, están obrigados a facilitar trimestralmente á indicada administración un resumo dos servizos prestados polas referidas concesións, cos datos mínimos que o propio artigo especifica. Ademais, o artigo 4 da mesma orde, prevé a obrigatoriedade de que as empresas anteditas leven un rexistro diario dos servizos que realicen dentro das concesións, coa desagregación indicada no referido precepto.

A maiores, a Xunta de Galicia ten promovido a elaboración dun plan de transporte metropolitano de Galicia, coa finalidade de fomentar a utilización do transporte público colectivo de viaxeiros, estando

este na actualidade en fase de implementación mediante a adopción de acordos coas demais administracións territoriais implicadas. O dito plan prevé, entre outras cuestións, a introdución de bonificacións tarifarias do transporte público e a utilización, para tal fin, de novos medios de pagamento; por tanto, a súa posta en práctica requirirá evidentes necesidades de control do gasto público e de xestión do propio sistema de pagamento, polo que resulta precisa a introdución de medios que permitan un exacto coñecemento dos desprazamentos efectuados e do correlativo gasto.

Finalmente, as previsións contidas no referido plan de transportes poderán, nun futuro próximo e de xeito progresivo, estenderse a outros ámbitos xeográficos, razón pola que resulta conveniente prever a xeneralización dos indicados medios de coñecemento e tratamento da información.

Para o fin do antes indicado, e como premisa do sistema de tratamento da información que deba desenvolver a administración pública, cómpre dotar os vehículos que veñen prestando servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral de elementos de captación dos datos, finalidade para a cal existen no mercado diversos sistemas de canceladoras que, homologadas co propio sistema informático antedito, permitan tanto a cancelación dos pagamentos efectuados cos novos medios de pagamento como a ulterior transmisión e tratamento da información.

Considerando o volume de vehículos afectos ás referidas concesións e o correlativo número de canceladoras que é preciso adquirir, así como a conveniencia de proceder a unha rápida dotación delas, a dita adquisición supón un considerable esforzo económico difícil de asumir polas empresas concesionarias dos servizos de transporte público, e que, en todo caso, revertería en detrimento doutros investimentos igualmente necesarios, como os referentes á renovación de frota.

Por tanto, estimando a Xunta de Galicia procedente establecer unha liña de colaboración, mediante a